



INICIO CURSO ESCOLAR 2019/20

Ola familias!

Benvidos a un novo curso Escolar que, esperamos, sexa do agrado de todos. Queremos aproveitar para recordarvos algúns puntos importantes para o bo funcionamento deste ANPA e das actividades que xestiona.

- Para poder utilizar o **servizo de almozos** durante o curso **2019/2020** **terán que cumprirse os seguintes requisitos:**

- **Será imprescindible** ser **socio** do **ANPA**, xa que o seguro subscrito só acolle a nenos que son socios.

- Pagar unha fianza de **30 € por usuario** e no caso de **dous ou máis usuario de 50 € por unidade familia** (que se devolverá os días **22 e 23 de xuño de 2020**).

Cos usuarios que paguen a fianza faremos un listado que se entregará no Comedor e **soamente os usuarios de ese listado estarán autorizados a utilizar o servizo de almozos**. Ademais entregaráselles os carnés de usuario de almozos.

Así mesmo, infórmase que **xa se cobrou a subvención do Concello** para os almozos do ano **2019**, polo que podedes pasar pola nosa oficina para recoller a parte que vos corresponda da devolución.

O importe íntegro dos almozos para este curso, fixado pola nova empresa, é de 2€. Os almozos de setembro a decembro de 2019 se aboaran a mes vencido, descontando a parte da subvención. Os almozos do 2020 pagaranse integramente ata que non se perciba a subvención do Concello para o ano 2020.

- Por outra parte, informámosvos que para poder organizar calquera actividade ou festa, este ANPA tivo que subscribir os correspondentes seguros de responsabilidade aos que obrigan as diferentes normativas. Esta Xunta Directiva tomou a decisión de subscribir ditos seguros con cobertura unicamente para ós seus socios, polo que se participa algún nen@ que non sexa socio non estaría cuberta ningunha eventualidade que lle puidera xurdir ou que provocase. Esta é a única razón pola que as actividades ou festas que organice este ANPA para o **curso 2019/2020** serán exclusivamente para os seus socios.

O horario de apertura durante o mes de setembro será o seguinte (nuns días informaremos do horario de outubro en adiante):

Luns 16 e 23: De 09:05 a 10:00 h.

Luns 16 e 23: De 16:00 a 17:00 h.

Mércores 18 e 25: De 16:40 a 17:20 h.

Xa por último, animámosvos a formar parte da ANPA. Toda axuda é pouca.

A maioría desta xunta directiva, leva varios anos e, polas nosas obrigas familiares e laborais, non resulta doado, ás veces, atendervos correctamente.



PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2019/20

Como tódolos anos, as actividades extra escolares comezarán a principios do mes de outubro (sempre e cando teñamos o número de inscricións mínimas, como norma xeral dez nenos na actividade). No caso de que se supere o número máximo de solicitantes cubrirase por **estrita orde de presentación** na oficina do ANPA. **Os pais/nais no poden asistir ás clases nin como alumnos/as nin como público.**

Agradeceríamos sinalades na táboa seguinte aquelas actividades nas que estariades interesados, no caso no que o horario non se adapte sinalade en comentario esa circunstancia indicando horario por si houberse dispoñibilidade. **Para poder inscribirse nas actividades extraescolares é imprescindible ser socio da ANPA (Este curso 19/20 a cuota de socio é de 20 €).**

As baixas nas actividades tramitaranse exclusivamente no local da ANPA por escrito ou no mail anpaasolaina@yahoo.es sempre antes do día primeiro do mes no que se quere dar de baixa. No caso de que algún neno teña impagadas dúas mensualidades causará baixa inmediata na mesma.

Os horarios das actividades que finalmente se impartan a partir do 1 de outubro poderanse consultar no aplicación TokApp School e na páxina web do Centro.

Actividade	Días	Horario	Prezo	
Karate (> 7 anos)	Luns e Mércores	16.00 a 17.00	18 €	
Karate (> 5 anos)	Martes e Xoves	16.00 a 17.00	18 €	
Patinaxe iniciación	Luns e Mércores	16.00 a 17.00	18 €	13 € un día
Patinaxe perfeccionamento	Luns e Mércores	17.00 a 18.00	18 €	13 € un día
Predeporte (de 3 a 8 anos)	Martes e Xoves	16.00 a 17.00	18 €	13 € un día
Lingua de Signos (Infantil y 1º Ed. Pri)	Xoves	17.00 a 18.00	7,5 €	Pte. Nº nenos .
Lingua de Signos (2º-6º Ed. Primaria)	Xoves	16.00 a 17.00	7,5 €	Pte. Nº nenos.
Balonvolea (3º e 4º Ed. Primaria)	Martes e Xoves	17.00 a 18.00	15 €	8 € un día
Balonvolea (5º e 6º Ed. Primaria)	Martes e Xoves	18.00 a 19.00	15 €	8 € un día
Robótica (de 9 a 12 anos)	Martes	16.00 a 17.30	32 €	25 € una hora*
Robótica (de 6 a 8 anos)	Martes	17.30 a 19:00	32 €	25 € una hora*
Cocina	Luns	16.15 a 17.45	20 €	
Atletismo (de 5 a 8 anos)	Luns e Mércores	18.00 a 19.00	15 €	Min. 10 nenos
Atletismo (de 9 a 12 anos)	Luns e Mércores	18.00 a 19.00	15 €	Min. 10 nenos

DATOS DO ALUMNO:

Nome e apelidos: _____ Curso: _____

Teléfonos de contacto: _____

A documentación das actividades e a Ficha de socios (20€) entregaranse na ANPA a partir do luns 16 de setembro ata o xoves 26 de setembro no horario de apertura da oficina do ANPA que será provisional para a organización das actividades:

* O venres 20 de setembro, a empresa GAZAPO realizará día de xornadas abertas gratuíto para amosar ós nen@s a actividade de Róbotica, de 16:00 a 17:00 h. para idades de 6 a 8 anos e de 17:00 a 18:00 para idades de 9 a 12 anos. Para poder asistir é necesario comunicalo na oficina ANPA ou no mail anpaasolaina@yahoo.es.

COMENTARIO:

--



Nº de soci@

XUNTA DIRECTIVA
ANPA A SOLAINA

FICHA SOCI@ DA ANPA

Nome do pai/titor: _____

Nome da nai/titora: _____

Enderezo: Rúa: _____

Portal: _____ Piso: _____ Escaleira: _____ Letra: _____

Localidade: _____

Teléfonos de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Nome d@s fill@s matriculad@s no Centro: Curso/Letra Data nacemento:

1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

5 _____

..... Firma d@ Soci@

..... Data: